

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

CENTRO: IES FIN DO CAMIÑO FISTERRA
CURSO: 1º, 2º, 3º, 4º ESO
MATERIA: Francés
DEPARTAMENTO: Francés
DATA: 16.04.2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1. Criterios sobre a avaliación e cualificación

1ª Avaliación	<p><u>Cálculo da nota da 1º avaliación:</u></p> <ul style="list-style-type: none">- Tanto as probas escritas ou orais como o traballo de clase serán cualificados cunha nota de 0 a 10 puntos, tendo en conta que a nota mínima para superar a materia deberá ser un 5.- Haberá, dentro do período de cada avaliación, como mínimo un exame da materia correspondente, máis os controis que se consideren convenientes e que versarán sobre diversos aspectos de lingua, gramática, vocabulario, verbos, lectura, escoitas.- Os exames valerán o duplo que os controis.- Así mesmo, o/a alumno/a deberá realizar as tarefas que lle serán indicadas, tanto na aula coma na casa. Valorarase tamén o seu traballo e actitude na aula, así coma a súa atención e esforzo na materia.- As cualificacións, polo tanto, de cada avaliación obteranse calculando a media de acordo coa ponderación seguinte:- Exames, controis: 80% (máx. 8 puntos)- Tarefas, traballo, comportamento, atención: 20% (máx. 2 puntos)- A nota final da avaliación obterase polo tanto da suma do 80% e do 20%.- As faltas de asistencia aos exames só serán xustificadas presentando documentación relevante (xustificante médico, por exemplo) ante o profesor ou profesora da materia.
	<p><u>Procedemento de recuperación da 1º avaliación:</u></p> <ul style="list-style-type: none">- Ao tratarse dunha materia de contidos progresivos, se o alumnado suspende unha avaliación e aproba a seguinte, recupera de forma automática a avaliación suspensa.
2ª Avaliación	<p><u>Cálculo da nota da 2º avaliación:</u></p> <ul style="list-style-type: none">- Idem 1ª avaliación. <p><u>Procedemento de recuperación da 2º avaliación:</u></p> <ul style="list-style-type: none">- Ao tratarse dunha materia de contidos progresivos, se o alumnado suspende unha avaliación e aproba a seguinte, recupera de forma automática a avaliación suspensa.
3ª Avaliación	<p><u>Cálculo da nota da 3º avaliación:</u></p>

	<p>- Idem 2 primeiras avaliacións.</p> <p><u>Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:</u></p> <p>- No caso de non obter unha avaliación positiva na 3ª avaliación, antes de rematar o curso o alumnado poderá realizar unha proba extraordinaria, na que deberá examinarse de todos os contidos impartidos ao longo do curso.</p>
Cualificación final	<p><u>Cálculo para obter a cualificación final de curso:</u></p> <p>- A nota final do curso será a obtida na 3ª avaliación.</p> <p>- O alumnado que ten aprobada a 3ª avaliación poderá mellorar a súa nota na avaliación final até un máximo de 0.5 puntos.</p> <p>- O alumnado que non aproba a 3ª avaliación poderá presentarse á proba escrita final para aprobar a materia. A nota da avaliación final, puntuada sobre 10, resultará exclusivamente desta proba escrita final. Nesta proba, o alumnado deberá examinarse de todos os contidos impartidos ao longo do curso.</p> <p>- As faltas de asistencia aos exames só serán xustificadas presentando documentación relevante (xustificante médico, por exemplo) ante o profesor ou profesora da materia.</p>

Alumnado de materia pendente	<p><u>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente:</u></p> <p>- Boletíns - Proba escrita.</p> <p>Boletíns. O alumnado con francés pendente terá a posibilidade de aprobar a materia entregando, ao longo do curso, os boletíns que o profesor/a lle remitirá. Se algún destes boletíns non acadase o 5, o alumnado deberá presentarse á proba escrita que terá lugar durante a 3ª avaliación.</p> <p>Proba escrita. Realizará unha proba única valorada en 10 puntos. Para considerar que a materia foi aprobada, a nota acadada será de 5 puntos. Esta proba realizarase na última semana de abril. Se o alumnado non aproba esta proba escrita, poderá presentarse novamente á proba escrita extraordinaria, que terá lugar no mes de xuño.</p>
-------------------------------------	---

Procedementos e instrumentos de avaliación:

O procedemento mediante probas parciais será de forma voluntaria por parte do alumnado e consistirá na entrega de dous boletíns de exercicios. Os boletíns realizados serán entregados ao profesorado que imparte a materia na data neles indicada. Para poder optar a superar a materia, é condición indispensábel que o alumnado entregue os boletíns nas datas sinaladas e os exercicios estean realizados correctamente. Para facilitar a realización dos exercicios, o profesorado encargado do seguimento do alumnado estará dispoñíbel para resolver as dúbidas que lle vaian xurdindo ao alumnado.

2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)

Metodoloxía	<p>Alumnado que superou a materia O alumnado deberá realizar as diferentes tarefas marcadas polo profesor/a para este período. Realizadas correctamente, estas actividades poderán supor para o alumno/a un aumento na nota final do curso dun 0,5.</p> <p>Alumnado que non superou a materia O alumnado que non aprobou a 3ª avaliación poderá presentarse á proba escrita final para aprobar a materia. A nota da avaliación final, puntuada sobre 10, resultará exclusivamente desta proba escrita final. Nesta proba, o alumnado deberá examinarse de todos os contidos impartidos ao longo do curso. Así mesmo, o profesor/a poderá facer unha selección dos contidos vistos e traballados durante o curso, baseándose nos que considera necesarios para acadar o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe esixibles correspondentes.</p>
Actividades tipo	<p>Exercicios de repaso xa realizados durante o curso. Comprensións e expresións orais. Comprensións e expresións escritas.</p>
Materiais e recursos	<p>Fichas. Fotocopias de libros de texto, lecturas. Audios. Libros. Aula virtual.</p>

